

## **Tema 12.-O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.**

Dentro da transformación que sofre o teatro nas últimas décadas, distínguense dúas promocións: «Promoción de 1980» e «Xeración dos 90».

Aínda que se fale de dúas xeracións diferentes -a primeira delas está marcada por unha vontade máis esteticista-, non hai que esquecer a innegable continuidade temática e estilística nos seus escritores que fan posible a convivencia de liñas e autores de promocións diferentes. Neste sentido, adoitan agruparse as dúas promocións baixo a etiqueta de «Xeración postabrente», por conviviren nunhas mesmas coordenadas sociais e políticas a partir de 1980 e porque ningunha das últimas promocións rompe totalmente co teatro anterior (e iso a pesar de que intentaron acadar unha maior amplitude de rexistros tras se liberar das constricións sociopolíticas dese teatro).

O marco no que se desenvolve a literatura dramática das últimas décadas vén lastrado pola falta dun público consumidor de textos teatrais e polas escasas iniciativas editoriais; estes feitos provocan que **os premios e os certames literarios desempeñan un papel decisivo como estímulo na creación literaria**. Coleccións como a Biblioteca do Arlequín, os Libros do Centro Dramático Galego, o Premio Rafael Dieste ou os Cadernos da Escola Dramática Galega (nos que se recollen textos galardoados en diferentes convocatorias, independentemente de que poidan ou non ser representados), serven para ofrecer aos autores unha plataforma de proxección.

Como **referentes na normalización da vida teatral, consolídanse as compañías e grupos profesionais** (Artello, Andrómeda, Sarabela, Teatro do Morcego, Chévere, Áncora Producións, Ollomoltranvía, Talía ou o Centro Dramático Galego, dependente da Xunta). Aparecen, tamén, as **primeiras salas estables de teatro** (Sala Luís Seoane, Nasa, Galán) e nacen os **centros de formación teatral**: Casahamlet (A Coruña), Aula Aberta (Compostela) ou máis recentemente a Escola Superior de Arte Dramática (en Vigo, de titularidade pública).

Esta etapa será, tamén, a da **eclosión do teatro infantil e xuvenil**, especialmente o teatro de monicreques, con compañías como Cachirulo, Falcatrúa, Trompicallo...

## **A promoción de 1980**

Son autores nados arredor da década de 1950. Sitúase a súa obra nos derradeiros anos do franquismo e no nacemento da Galicia autonómica e é dada a coñecer a través dos soportes editoriais. Por esta canle chegarían ao público os textos ganadores do certame de teatro breve convocado pola Escola Dramática Galega entre 1979 e 1992, no que se han revelar moitos destes dramaturgos. A diferenza do Grupo Abrente, esta promoción mantén unha relación menos estreita co teatro, de xeito que moitos deles acadaron maior éxito e continuidade noutros xéneros, como a poesía.

O interese por acadar novas linguaxes, novas estruturas e novos lectores determina neste grupo unha vertente culturalista que se materializa nun fondo lirismo e no contido simbólico. Está implícito o rexeitamento da estética excesivamente social dunha certa literatura dramática anterior, o que leva nalgúns casos á utilización de recursos propios doutros xéneros e outras artes. Porén, a maior parte dos elementos dese culturalismo (a propia reflexión sobre o teatro e a relación entre arte e vida) estaban xa presentes na obra de autores do Grupo Abrente.

- **Trazos xerais da Promoción dos 80**

- Frecuente recurso ao metateatro (reflexión sobre o discurso teatral: autor, obra, público e personaxes).
- Teatro culturalista cun forte compoñente simbólico e irónico.
- Rexeitamento das formas abertamente lúdicas e presenza dun humor á beira do absurdo ou ao servizo da ironía e da parodia.
- Tendencia ao anonimato na presentación dos personaxes (moitas veces simples máscaras ou bonecos).

- **Autores da Promoción dos 80.**

Entre os autores desta promoción están: **Xesús Pisón, Miguel Anxo Fernán Vello, Roberto Salgueiro, Joao Guisán Seixas, Suso de Toro, Alberto Avendaño, Lucía Villalta...**

- **Xesús Pisón** (Ferreira de Valadouro, 1954)

Comeza creando farsas de carácter satírico e esperpéntico, aínda que as pezas máis actuais céntranse nas relacións humanas, Desde o punto de vista formal hai que salientar o coidado uso da lingua e o logrado ritmo escénico.

Algunhas das súas obras son: *O pauto* (1983), *Ei, Feldmüile* (1991), *Animal vacío* (2002)

• **Miguel Anxo Fernán Vello** (Cospeito, 1958)

Representante do teatro culturalista, escribe sobre temas relacionados coa condición humana (o amor, a soidade etc) e ofrece unha particular recreación da realidade.

Algunhas pezas importantes deste autor son: *A tertulia das máscaras* (1981), obra de carácter simbólico; *Cuarteto para unha noite de verao* (1981) e *A casa dos afogados* (1990).

### **A xeración dos 90**

A diferenza da xeración anterior, na que encontramos unha maior presenza dos autores ocasionais, esta nova promoción de dramaturgos nados arredor dos 60 vai manter unha traxectoria máis continuada. Tamén a relación co feito teatral é máis estreita, de xeito que non é difícil atopar exemplos como os de Cándido Pazó, prototipo de autor-director-dramaturgo-tradutor, que continúa a liña representada por Manuel Lourenzo ou Roberto Vidal Bolaño. Isto condiciona a produción dos seus textos: escríbenos directamente para levalos á escena. Así, adoitan crear pezas de ton menos experimental, cunha estrutura coidada pero sinxela e cun simbolismo mais atenuado. En xeral apreciase unha superación da liña esteticista anterior cara a propostas e linguaxes máis comunicativas.

Confírmase nesta década o compromiso profesional co teatro galego, cada vez máis favorecido polas axudas á normalización que emprenden as institucións galegas. A creación de novos premios, bolsas de formación, subvencións, organización de festivais..., favorecen a difusión do teatro e a consolidación de compañías estables. Como pasaba coa anterior xeración, hai unha estreita dependencia destes autores respecto do circuío dos premios literarios, fundamentalmente os da Escola Dramática Galega.

• **Trazos xerais da Xeración dos 90**

- Menor carga simbólica, coidado na estrutura da peza, redescuberta da comedia como modelo xenérico, converxencia entre literatura dramática e espectáculo, presenza do neorruralismo e a intertextualidade pola que senten preferencia, primacía do carácter lúdico sobre o transcendental e cultivo da comedia e do teatro histórico.

- **Autores da Xeración dos 90**

Algúns dos autores desta xeración son: **Quico Cadaval, Cándido Pazó, Gustavo Pernas, Miguel Anxo Murado, Lino Braxe, Carlos Núñez Singala, Raúl Dans, Inma Antonio Souto ...**

- **Gustavo Pernas** (Viveiro, Lugo. 1959)

Caracterízase por un claro afán innovador, que se manifesta, por exemplo, na ruptura do concepto tradicional do argumento; presenta unha gran simplificación temática e estrutural, calquera encontro circunstancial pode darlle corpo á obra.

Algúns dos temas recorrentes na súa obra son a soidade, a incomunicación e a deshumanización. Outro trazo innovador é a implicación directa ou indirecta do público na obra para espertar o seu interese ou conseguir a súa toma de conciencia. Gusta dun ton lúdico nos seus diálogos (equívocos, dobres sentidos...) e tamén do uso dun humor que leve a unha reflexión sobre todo tipo de temas.

Obras: *O galego, as mulatas e o negro* (1989), *Footing* (2001), *Final de película* (2006) ...

- **Cándido Pazó** (Vigo, 1960)

Autor, director e actor ligado a varias compañías; é un autodidacta do teatro. A súa obra oscila entre a comedia, non exenta de crítica social, e o tema histórico como pretexto para indagar na psicoloxía dos personaxes. Na forma destaca o seu exquisito tratamento da lingua, combinando os rexistros cultos cos coloquiais e populares.

Obras: *O bululú do linier* (1998), *Binomio de Newton* (2002), *García* (2005) ...

- **Inma Antonio Souto** (A Coruña, 1968)

Ten un teatro tematicamente comprometido. Nas súas pezas reflexiona, de xeito crítico, sobre diferentes temas de actualidade: a guerra, a sida ... E todo isto mesturando, con frecuencia, o ton cómico e o trágico.

No seu estilo destaca o enfoque realista nos ambientes, o tratamento depurado da acción e a sabia combinación de diálogos e silencios.

Obras: *Era nova e sabía a malvaísco* (1990), *Os cárceres do esquezo* (2005), *Músculo de sal* (2008) ...